

RESOLUCIÓN DE 19 DE SETEMBRO DE 2016 DA XERENCIA DE XESTIÓN INTEGRADA A CORUÑA, DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS E BAREMACIÓN PROVISIONAL DAS CATEGORÍAS DE SANITARIOS DIPLOMADOS, NO PROCEDIMENTO DE MOBILIDADE INTERNA VOLUNTARIA, NO ÁMBITO DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO A CORUÑA, CONVOCADO POR RESOLUCIÓN DE 16 DE MARZO DE 2016.

Mediante a Resolución da Xerencia de Xestión Integrada da Coruña de data 16 de marzo de 2016 (DOG nº 61 do 31 de marzo) convocouse procedemento de mobilidade voluntaria interna para o persoal estatutario fixo das categorías de persoal sanitario diplomado, sanitario de formación profesional e de xestión e servizos no ámbito do Complexo Hospitalario Universitario A Coruña.

Con data 17 de xuño de 2016 publicouse a resolución provisional de persoas admitidas e excluídas correspondentes as categorías de Persoal sanitario diplomado. Unha vez rematado o prazo de reclamacións establecido na convocatoria, e non constando reclamacións, esta Xerencia de Xestión Integrada,

RESOLVE:

Primeiro: Declarar, **con carácter definitivo, os/as aspirantes admitidos e excluídos** ó devandito procedemento de mobilidade voluntaria interna nas seguintes categorías:

- Enfermeiro/a
- Enfermeiro/a especialista en Obstetricia-Xinecoloxía (Matrón/a)
- Fisioterapeuta
- Logopeda

Segundo: Publicar a **listaxe provisional de baremación**, das categorías relacionadas no apartado anterior.

Terceiro: Darlle publicidade tanto a listaxe definitiva de aspirantes admitidos e excluídos como a listaxe provisional de baremación das devanditas categorías, a través do taboleiro de anuncios da Xerencia de Xestión Integrada da Coruña /páxina Web do ESPAZO DO PROFESIONAL.

A baremación provisional tamén será visible no Fides/Expedient-e, no apartado de Procesos-Mobilidade voluntaria interna, de cada aspirante.

Xerencia de Xestión Integrada

Cuarto: Contra a resolución provisional de baremación os /as aspirantes disporán dun prazo de **15 días hábiles**, contados a partir do seguinte ó da publicación desta Resolución, para poder presentar as reclamacións que consideren oportunas.

A Coruña, 19 de setembro de 2016

O Xerente de Xestión Integrada

Asdo.: Francisco José Vilanova Fraga



Xerencia de Xestión Integrada

www.galiciasaude.es
Tel. 981 178 000
Xubias de Arriba, 84
15006 A Coruña